



AGEFEC  
Asociación Galega de Enfermería  
Familiar e Comunitaria

**CONVOCATORIA 2018 DE AXUDAS ECONÓMICAS PARA OS  
SOCIOS/AS DA AGEFEC QUE ASISTAN A CURSOS,  
OBRADOIROS, XORNADAS, CONGRESOS OU CALQUERA OUTRO  
EVENTO DE CARÁCTER CIENTÍFICO**

A Asociación Galega de Enfermería Familiar e Comunitaria, co obxectivo de promover a formación e a asistencia a eventos de carácter científico entre os seus asociados, ofrece durante o ano 2018 axudas económicas para facilitar a asistencia a eventos de carácter científico relacionados coa Enfermería Familiar e Comunitaria. As bases da convocatoria estarán publicadas na nosa páxina web e son as seguintes:

**Primeira. Obxecto.**

As axudas económicas irán dirixidas exclusivamente aos socios/as da AGEFEC que se atopen ao corrente de pago da cota anual e que durante o ano 2018 non se beneficien dalgún suposto de exención de cota agás os socios de honra.

**Segunda. Concepto.**

As axudas económicas concederanse en concepto de asistencia a congresos, obradoiros, xornadas, cursos ou calquera outro evento de carácter científico relacionado coa Enfermería Familiar e Comunitaria.

- A. *Asistencia a cursos e obradoiros:* Para ter dereito a percepción dunha axuda por asistencia a cursos e obradoiros, estes, deberán ser necesariamente de carácter presencial.
- B. *Asistencia a Congresos e Xornadas:* Para ter dereito a percepción dunha axuda para a asistencia a Congresos ou Xornadas, o solicitante, necesariamente deberá figurar como autor nunha comunicación científica ao mesmo, sexa esta en formato póster ou oral. A presentación de dúas ou mais comunicacións só dará dereito a percibir unha axuda. A concesión da mesma estará condicionada a que comunicación sexa aceptada polo Comité Científico correspondente. De

concorrer no mesmo evento outros tipos de actividades docentes (ex. obradoiros), igualmente só se concederá unha única subvención.

### **Terceira. Contía económica.**

- A. Establécese unha partida económica de 600€ dividida en 300€ para as actividades que se realicen no primeiro semestre (Xaneiro-Xuño) e 300€ para ás que se realicen no segundo semestre (Xullo-Decembro) do ano 2018. Se o finalizar o primeiro semestre non se esgota a totalidade dos 300€, a diferenza sumárase o importe económico a subvencionar durante o segundo semestre.
- B. A contía económica de cada axuda non superará os 150€ brutos para as actividades organizadas por calquera Sociedade Científica pertencente a Federación de Asociacións de Enfermaría Comunitaria e Atención Primaria (FAECAP) ou por calquera evento científico organizado pola propia FAECAP, quedando excluídas desta convocatoria as actividades de carácter científico organizadas pola propia AGEFEC.
- C. A contía económica de cada axuda non superará os 100€ brutos para as actividades organizadas polas diferentes organizacións que non se inclúan no apartado B da base terceira da presente convocatoria.
- D. Cada socio/a poderá beneficiarse dunha única subvención ao ano.

### **Cuarta. Forma de aboamento.**

O importe que corresponda aboarse mediante transferencia bancaria.

### **Quinta. Presentación de solicitudes.**

As solicitudes tramítaranse a través da nosa Secretaría Técnica enviándoas por correo electrónico á [secretariatecnica@agefec.org](mailto:secretariatecnica@agefec.org).

A solicitude debe conter a seguinte documentación:

- Documento de solicitude de axuda debidamente cumprimentado e asinado (anexo I).
- Xustificante de asistencia ao evento ou xustificante da superación do curso formativo.

- Xustificante de autoría da comunicación oral/póster en caso de acudir a un Congreso ou Xornada onde se contemple esta posibilidade.
- Xustificante de pago para a asistencia ao evento.

#### **Sexta. Validez das solicitudes.**

A solicitude terá validez no momento que se aporte toda a documentación requirida e a Secretaría Técnica confirme por escrito a recepción do correo electrónico confirmando que se aportou toda a documentación necesaria.

#### **Sétima. Concesión da axuda económica.**

- A. En cada semestre concederanse as correspondentes axudas económicas por rigoroso orde de recepción na nosa Secretaría Técnica da documentación requirida na base quinta desta convocatoria, e tras a comprobación do cumprimento das bases de cada solicitude para a concesión da axuda.
- B. No caso de que se esgote a contía económica destinada para as actividades realizadas no devandito semestre, non se tramitarán máis axudas.
- C. Comunicarase a todos os asociados/as o esgotamento das axudas no correspondente semestre mediante correo electrónico.

#### **Oitava. Publicidade das subvencións concedidas.**

O final de cada semestre informarase a todos os socios/as mediante correo electrónico do número de subvencións concedidas, data da súa concesión, actividade subvencionada e o nome e apelidos do beneficiario.

#### **Novena. Período de vixencia.**

Estas bases terán un período de vixencia comprendido entre o 1 de Xaneiro de 2018 e ó 31 de Decembro de 2018.



## SOLICITUDE DE AXUDA ECONÓMICA POLA ASISTENCIA A UNHA ACTIVIDADE CIENTÍFICA 2018

<b>Nome e apelidos:</b>	
<b>NIF/DNI:</b>	
<b>Enderezo:</b>	<b>Nº:</b>
<b>Poboación:</b>	<b>Código Postal:</b>
<b>Data da solicitude:</b>	
<b>IBAN e CC para o ingreso:</b>	
<b>Título do evento:</b>	
<b>Entidade organizadora:</b>	
<b>Custo de inscrición:</b>	
<b>Data de celebración:</b>	

### Sinatura:

Coa firma da presente solicitude, acepta as bases de concesión das axudas económicas pola asistencia a unha actividade científica, e expresamente autoriza á Asociación Galega de Enfermaría Familiar e Comunitaria a publicitar mediante correo electrónico entre todos os socios o seu nome e apelidos, data de concesión da axuda e actividade subvencionada. Os datos persoais aquí recollidos serán tratados para a correcta xestión das solicitudes e concesións de axudas económicas pola asistencia a unha actividade científica, coa finalidade da xestión e control destas, así como para fins estadísticos. Estes datos non serán cedidos salvo nos casos previstos legalmente. O órgano responsable do tratamento dos seus datos persoais é a Asociación Galega de Enfermaría Familiar e Comunitaria, ante quen poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, mediante escrito, acompañado de documento oficial que o identifique á dirección Xosé Chao Rego, número 8, baixo, CP 15705, Santiago de Compostela, provincia de A Coruña.